



Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.:  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## CAMPIONATO GALEGO OPEN MAR-COSTA DE PESCA DENDE ROCHA, CATEGORIA ABSOLUTA

O Campionato Galego Open Mar-Costa de Pesca dende rocha, Categoría Absoluta, está convocado pola Federación Galega de Pesca e Cásting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación en A Coruña, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade.

### Lugar e Data:

Desenvolverase no CARREIRO DE AGUIÑO. AGUIÑO  
Na data do: **8-04-2018**

Por ser esta competición un Open, os participantes terán que facer, para a súa inscrición, un ingreso de 20,00 €, na Conta da F.G.P. nº **ES34 - 2080-0176-9630-4001-0672**, antes do día **03-04-2018**

**Segundo acordo Asembleario, os Clubs poden presentar mais de 5 participantes. A inscrición, unha vez tódolos Clubs teñan os representantes correspondentes, farase tendo en conta a capacidade do escenario. Inscibiranse os representantes a maiores en función do número de tarxetas federativas de cada Club. O día 02-03-2017 comunicárase aos interesados cantos representantes a maiores foron admitidos por cada Club.**

**Este Campionato é clasificatorio para o Campionato de España da especialidade do presente ano 2018.**

## BASES

**Xurado:** A súa composición farase pública na xuntanza para o sorteo dos postos.

**Mangas:** Desenvolverase en **dúas mangas de tres horas** de duración cada unha. Tanto o inicio como o remate da manga será indicado con sinais acústicas.

A adxudicación dos distintos postos ós deportistas farase por sorteo.

**Capturas:** Os exemplares presentados á pesaxe aos que, polo menos, lles falte un centímetro para acadar a talla mínima legal, contarán coma penalización que será a equivalente ao peso deses exemplares.

### Material Deportivo:

**Canas:** Nesta especialidade de Mar Costa autorízase ter unha cana en tarefa de pesca, podendo ter montadas, de reserva, outras máis. A lonxitude máxima será de cinco metros, con polo menos catro argolas na súa montaxe. Autorízase o uso de canas con argolas interiores.

**Cebo:** Libre.

**Baixos de liña:** Terán un máximo de 3 anzois e libre lonxitude das gametas.



Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.:  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## Programa día 08-04-2018

**08,30 horas:** Concentración de tódolos participantes no BAR O CORNO.

**10,00 horas:** Inicio primeira manga.

**13,00 horas:** Fin da primeira manga.

**13,30 horas:** Avituallamento.

**15,00 horas:** Inicio segunda manga.

**18,00 horas:** Fin da segunda manga.

**18,30 horas:** Pesaxe e clasificación.

### Normas de Desenvolvemento:

1º Ao sinal de fin da proba é obrigado o cese inmediato da acción de pesca. Nese intre é imperativo retirar o aparello da auga e que as canas deixen de estar en acción de pesca.

2ª Os Deportistas agardarán a retirada das súas capturas no seu posto.

3ª A pesaxe comezará media hora despois do sinal de fin de proba.

**Anzois: Non poderán ser de medida inferior a 5 milímetros de anchura. Os deportistas non poden atoparse en posesión nos seus postos de pesca, de anzois cunha apertura inferior a 5 mm de ancho total. Quen infrinxa esta norma será descualificado nesa manga e se fora reincidente a descualificación alcanzará a todo ou campionato.**

**Art. 25.5 do Regulamento de competicións.** Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

**Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.**

Para outras disposicións non recollidas nas presentes bases, rexeranse polas normas da Federación Española de Pesca e Casting da especialidade.

**Gerardo Orol Castro**  
**Presidente do Comité de Mar-Costa**